




Xuño 2010 nº 7

a curuxa

REVISTA DO COLEXIO D. BOSCO (SALESIANAS-VIGO)

CAMIÑAMOS XUNTOS



Sus hijos bien alimentados y en buenas manos



servicio de alimentación



servicios educativos



servicios generales



Eurest Colectividades, S.L.
Delegación Galicia
Calle Teixugueiras, nº 19
Portal M-3 Entro. Puerta A
36212 Vigo - Pontevedra
Tel.: 986 26 56 30
Fax: 986 16 58 62

Marcas de Compass Group en España



COLECCIÓN CUATRO AMIGOS Y MEDIO



Regálales Lo Mejor

 edebé



CAMIÑAMOS XUNTOS

Xuño 2010 - nº 7

SUMARIO



Colexio Don Bosco Salesianas
Rúa Estrada 5 - 36209 Vigo
Teléfono 986 231 149
Fax 986 211 301
E-mail: sjboscovigo@planalfa.es
Web: centros.edu.xunta.es/cprdonbosco

5 **Saúdo da Dirección.**

6 **Infantil**
Proxecto camiño de Santiago.

7 **Infantil**
As novas tecnoloxías.

8 **Infantil**
Orla.

9 **1º EP**
Saída Alazán.

10 **2º EP**
Monte Vixiador.

11 **3º EP**
Educación Vial.

12 **4º EP**
Excursión ao Monte Aloia.

13 **5º EP**
Conto amigo "o meco".

14 **6º EP**
Nadal entroido.

16 **Álbum Familiar**

22 **6º EP**
Orla.

23 **1º ESO**
Recuncho literario.

24 **2º ESO**
Don Bosco

25 **2º ESO**
Día da Paz.

26 **3º ESO**
Convivencias.

27 **4º ESO**
Despedida do cole.

28 **4º ESO**
Excursión Fin de Curso.

29 **4º ESO**
Orla.

30 **Asociación**
ANPA.

31 **Centro Xuvenil**
CEXMA.

32 **Proxecto**
CASA.

33 **Extraescolares**
Inglés.

34 **Departamento**
Orientación.

A Curuxa Revista do Colexio D. Bosco (Salesianas Vigo).

Edita: Colexio Don Bosco.

Coordina: Anabel Alonso.

Agradecementos: Entidades colaboradoras, ANPA e todos os nenos e nenas do noso colexio.

Deseño: MULTIVALLA.

Impresión: FEITO.



activa

Gestión de actividades formativas

Servicios educativos extraescolares

Gestión de actividades extraescolares
 Implantación de programas de refuerzo (Hora extra)
 Servicios complementarios

Idiomas

Implantación de programas multilingües
 Preparación de títulos oficiales
 Formación de profesorado
 Escuela de idiomas ACTIVA

Servicios educativos en periodos vacacionales

Ludotecas (Navidad, Semana Santa, Verano...)
 Tardes activas de junio y septiembre
 Campamentos urbanos
 Activa English Summer Camp

Libros de informática para Educación Primaria

902 36 34 21 www.activa.org info@activa.org

activa actividades activa idiomas activa Ludoteca activa tardes activas activa English Summer Camp



Cristalería Balaidos, S.L.

**VENTA Y COLOCACIÓN
DE LUNAS Y ESPEJOS
TALLER DE BISELADO**

Avda. Fragoso, 94 - bajo
 Tel.: 986 29 18 15
 Tel. y Fax: 986 29 96 26
36212 VIGO

DIGITALVIGO®

Copiadoras - Multifunción
DEVELOP

SAMSUNG

Equipos y
 Mantenimientos
 Informáticos

digitalvigo@digitalvigo.es

SERVICIO TECNICO PROPIO

LOURIDO, 21 - URB. SAMIL
 SAN PELAYO DE NAVA - 36212 VIGO
 TELF. 986 214 008 FAX. 986 200 958

**Librería
d.bosco
Vigo**



C/. Venezuela, 5 • 36203 VIGO
 Apartado 1.744
 Teléfs.: 986 436 009 / 986 228 779
 Fax: 986 433 277

Queridos amigos e amigas:

“A Curuxa” xa ten unha nova edición, nada máis e nada menos que a sétima e aínda parece que foi onte cando comezamos este proxecto.

O seu principal obxectivo é facer un resumo das actividades máis salientables que ocorren ao longo de todo o curso. Pero nestas páxinas non é posible poñer todas as emocións e sentimentos vividos durante estes meses: ledicia, compañeirismo, solidariedade, esperanza, esforzo, superación... e todas as que estes artigos e fotos vos evoquen.

Todos e todas nos involucramos nestas actividades, pero sobre todo os nosos alumnos e alumnas, os vosos fillos e fillas, que son, coma sempre, os protagonistas de cada unha delas.

A finalidade do noso labor é a mesma que a vosa. Actualizando a frase de Don Bosco “Bos cristiáns e honrados cidadáns”, queremos facer persoas competentes para a vida, que é a materia na que a diario somos avaliados. O mínimo para aprobar está en lograr a felicidade, e o sobresaínte en facer felices aos que nos rodean.

Desexarvos a todos e todas un moi feliz verán, no que oxalá teñades tempo para gozar dos vosos fillos e fillas ao máximo.

Un saúdo moi afectuoso.

A Dirección.



INFANTIL

PROXECTO CAMIÑO DE SANTIAGO

O CAMIÑO DE SANTIAGO.

Na etapa de infantil, durante o mes de febreiro, traballamos dentro da nosa programación un proxecto sobre o Camiño de Santiago (camiño Portugués). Tal proxecto precisou da colaboración de pais e nais, e dende aquí queremosvos dar as GRAZAS pola dispoñibilidade que amosastes.

As profes de infantil



ESCOLA INFANTIL
PAPAVENTOS



Rua teixugueiras, 8.
PAU DE NAVIA, VIGO

Movil: **677 457 636**

Tel. Fax: **886 136 079**

E-mail: **papaventos1@yahoo.es**

INFANTIL

AS NOVAS TECNOLOXÍAS

SÚBE Ó TREN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS.

Os nenos e nenas de infantil non perdemos o tempo... Mirade que ben o pasamos os nenos e nenas de infantil cando xogamos no recuncho do ordenador, cando imos á aula de informática, xogamos coa pizarra dixital ou facemos fotos coa nosa cámara fotográfica.



COLEXIO DON BOSCO - EDUCACIÓN INFANTIL 2007 - 2010



SAÍDA ALAZÁN

SAÍDA AO CENTRO HÍPICO ALAZÁN

No primeiro trimestre fixemos unha visita ao centro hípico O Alazán para descubrir de moitas cousas dos cabalos. Contáronnos, como os coidan nas cuadras, a comida que lles dan tamén nos ensinaron a ducha para cabalos. Dixéronnos que o cabalo alazán é o que ten o pelo, ou a capa dourada tirando a avermellado. Despois fomos a un campo cuberto onde vimos saltar a un cabalo, pero antes dos saltos o cabalo tivo que facer arrefecemento uns 10 ou 15 minutos Tamén acariñamos os máis mansos nas súas cuadras. E o que máis nos gustou foi cando puidemos montalos. Demos unha volta ao campo, íamos de dous en dous.



MONTE VIXIADOR

SAÍDA AO MONTE VIXIADOR ALUMN@S 2º PRIMARIA

No primeiro trimestre, os alun@s de 2º de primaria fomos de excursión ao monte Vixiador, acompañados por unha monitora do Concello que nos explicou un montón de cousas sobre a natureza. Unhas xa as coñecíamos e outras non, pero todo foi moi interesante.

Como collimos a época do outono, puidemos apreciar os castiñeiros no seu pleno apoxeo cun montón de castañas, así como outras especies de árbores tanto autóctonas (Carballo) como de fóra, vimos as mámoas que nos contaron que eran onde enterraban a aqueles poboadores da zona hai moitos anos. Tamén tivemos a sorte de atoparnos cun home que ía buscar cogumelos e nos contou a diferenza que hai entre algunhas clases e sobre todo nos dixo que tivesemos moito coidado con aquelas que son venenosas, sempre debemos ir acompañados por un maior se queremos collelos. En definitiva, que foi unha excursión moi interesante e divertida.



EDUCACIÓN VIAL

EDUCACIÓN VIAL 3º DE PRIMARIA

O outro día visitounos Tucho, un policía local de Vigo, que nos falou da Educación Vial. Contounos moitas cousas interesantes, de como nos debemos comportar cando imos polas beirarrúas: que non debemos xogar á pelota, nin correr, tampouco levar os cans soltos e moitas máis cousas interesantes... Algo no que nos insistiu moito foi, no de empregar un elevador ou cadeira mentres a nosa estatura sexa inferior a 1,35m e sempre co cinto posto, pola nosa seguridade. Ao final da visita mostrounos algunhas das sinais de tráfico máis importantes: as redondas co borde vermello que son de prohibición, as triangulares de perigo, as cadradas ou rectangulares son de información e as circulares co fondo azul de obrigación.

Foi todo moi interesante e aprendimos moitas cousas para a nosa seguridade e a dos demais.

Laura Bernárdez Costa.





Autocares IGLESIAS



El placer
de viajar
en autocar

- Autocares y Microbuses Vip
- Vehiculos adaptados
- Transportes Nacionales e Internacionales
- Servicios turisticos
- Ferias y Congresos



Alquiler de vehiculos
de lujo con conductor

- Personal de Empresas, Colegios, Fabricas..
- Despedidas, Bodas, Cenas..
- De 9 a 60 Plazas

Con Climatizador, DVD, GPS, TV, Butacas reclinables..

C/ Camino de Gandariña Interior, Nave 20
La Bagunda - Lavadores • 36214 VIGO

☎ 986 482 563 - 986 378 010

Fax: 986 481 267

Móviles: **607 470 536 - 639 404 112**

administrador@autocaresiglesias.com
ana@autocaresiglesias.com • www.autocaresiglesias.com

EXCURSIÓN AO MONTE ALOIA

EXCURSIÓN FINAL DO 2º CICLO

Os alumnos e alumnas de 4º de primaria fomos o xoves 20 de maio de excursión ó monte Aloia (Tui). Acompañáronnos nesta festeira e inesquecible excursión, a nosa titora Patri e Javi, o profe de educación física. Saímos do cole ó redor das 9:30 en dirección pavillón de Porriño, onde practicamos deporte (baloncesto e fútbol) con algún “pinchacarneiro” e despois refrescámonos nas súas piscinas.

Alí pasámolo xenial, primeiro estivemos nunha onde a auga non cubría para así o socorrista decatarse de quen sabía nadar e quen non. Unha vez comprobado, en grupos de cinco, fomos á piscina grande e fixemos uns “larguiños”, buceamos, xogamos....mentres o resto divertíanse cos balóns na piscina máis cativa. ¡Pasámolo de medo!

Despois de tan tremendo esforzo, tomamos un “piscolabis”, para repoñer forzas e coa mesma subimos ó autobús que nos levaría ata o cumio do Aloia. De camiño ó miradoiro xogamos ó “ataque aéreo” foi divertidísimo. As vistas dende alí eran fermosísimas. Á hora de comer pescudamos por algunha sombra e de postre.... un xeadó!

Decidimos explorar a zona e atopamos sitios onde deixar correr a imaxinación.

Pero como todo remata e o bo antes... chegou o final. Subimos ó autobús e voltamos ó cole. Foi un día estupendo no que ademais de aprender moitas cousas relacionadas coa Natureza, fixemos moito deporte, e o máis importante: CONVIVIMOS.



CONTO AMIGO “O MECO”

O NOSO AMIGO “O MECO” ALUMNAS/OS DE 5º

Todos os anos polo Entroido, aparece colgado do piñeiro grande do patio dos cativos, o noso amigo Meco. Durante toda a semana danos uns mandatos que temos que cumprir para pasar un bo día: traer os calcetíns por fóra dos pantalóns, pintar a cara cun mostacho, poñer un sombreiro... ata facernos vir cunha cuncha de peregrino. Máis cando facemos a festa de disfraces, o día que paseamos a rúa Castela disfracados de indios, chineses ou de negros e princesas, ese máximo día, é o final do reinado do noso gracioso amigo. El chega ó patio abordo dunha carretilla onde desaparecerá entre as lapas de lume e fume, entre os gritos dos máis pequeños. Pero nós non sentimos mágoa, pois sabemos que para as mesmas datas e na mesma árbore, o próximo ano aparecerá de novo o Meco, para traernos novos mandatos e facernos rir moito. ¡Que viva o Meco!



A HISTORIA de DOUS AMIGOS.

Daniel era o número oito, estaba sempre alegre, as cousas eran para él moi doadas, todo lle saía ben. Na escola era unha boa nota e tamén tiña moitos compañeiros e amigos cos que divertirse. Pero soñaba con mellorar e ser algún día un sobresaliente, é dicir, un número nove. Un día paseando pola rúa, decatouse de que alguén choraba, era un compañeiro da súa clase, o número dez.

- Por que choras? - preguntoulle Dani
- Porque os demais números non queren xogar comigo, din eles que son un “chapón” e que non sei máis que estudar, que son un inútil, un aburrido...
- Non te preocupes, teño unha boa idea: ti cédesme un punto, así cumprirei o meu sono e seremos dous noves ¡todos xogarán connosco!
- díxo Dani entusiasmado
- De acordo! -díxolle contento e cun sorriso o número dez.

Así o fixeron...o flamante número nove e o ex - número dez foron xa amigos para sempre, compartiron xogos, tristuras, alegrías e o máis importante: comprenderon o valor da amizade.

Alba Rodríguez – 5º primaria

NADAL ENTROIDO

O ENTROIDO

Que ben o pasamos este ano no desfile do Entroido! Todos os rapaces da clase fomos disfrazados de escoceses e foi moi divertido verlles as pernas ós compañeir@s.



Estábamos todos moi guapos e guapas pero sobre todo pasámolo moi ben. Fixo unha boa tarde e tivemos un desfile ao redor do colexio pola avenida. Íamos moi ledos, os de primeiro ían estupendos de vikingos, case daban medo; os de segundo de "hawaianos", terceiro de árabes, con moitos velos e tamén espadas... cuarto ían sensacionais vestidos de chineses e os de quinto de africanos, daba gusto velos desfilar coa música dos tambores.

Fixo unha boa tarde e compartimos tamén unha boa merenda con filloas, flores, orellas ... Estivo todo estupendo.

Viva o Entroido!!!

Os rapaces de 6º





O CAMIÑO DO NADAL

Neste Nadal no noso colexio quixemos recordar que as estrelas alumiñan a nosa vida e que neste curso foron importantes xa que este ano se celebra a festa do Xacobeo.

O Xacobeo está marcado de forma moi especial pola lenda onde se fala dunha chuvia de estrelas que serviu para localizar o que hoxe é Santiago de Compostela ou o que é case o mesmo, de “campus estelae”.



O camiño das estrelas no noso cole levounos a celebrar o Nadal coa participación de todos, traendo cada un de nós esas maravillosas estrelliñas que colocamos iluminando e dando ese colorido tan bonito do que todos gozamos este pasado Nadal.



Pasámolo moi ben co noso marabilloso festival onde cantamos e bailamos, queremos darvos as grazas pola vosa participación tanto coas estrelas coma no teatro de Nadal.

Nenos de 6º

ALBUM FAMILIAR













GABINETE DE PSICOLOGÍA

- PSICOTERAPIA
- PROBLEMAS ESCOLARES
- ATENCIÓN Y APOYO FAMILIAR

López Mora 17, 1ºB - Vigo.

Telf. 986-291037

Teixugueiras 14, oficina 11- Navia -Vigo

jcardama@cop.es

www.psicologiaarca.com



Pilar
Sánchez Juncal



Joaquín
Ulán Gómez



Cristina
Magno Murillo



Rosa
Ripado Álvarez



Javier
Alfaya Solla



Luchi
Alonso Montes



Patricia
Lustres de la Iglesia



Blanca
Barros García



Alejandro
Busto Pérez



Boris
Carballe Cornedorra



María
Cereales Calviño



Manuel
Cid González



Javier
Fernández Cortés



Andrea
Fernández García



Blanca
Fernández García



Guillermo
Fernández González



Marcos
Iglesias Álvarez



Ana
Lorenzo Pérez



Rodrigo
Martínez Álvarez



Alejandra
Pernández Ledo



Ana
Pernández Ledo



Alba
Gómez Rodríguez



Antón
González Suárez



Ana
Pernández Ledo



Ana
Pernández Ledo



Ana
Pernández Ledo



Mayuri Deyana
Martínez Mejía



Xenxa
Perada Agna



Alberto
Porto Galán



Alejandro
Recouso Trexanti



Juan José
Rodal González



Ruth
Vázquez González



Álvaro
Vidal Rajoy



Andrea
Vito Guasín



M^{te} Isabel
Villabón Carbone



6^º Primaria
COLEXIO DON BOSCO
CURSO 2009-2010

RECUNCHO LITERARIO

HISTORIA DUNHA ESCALEIRA

"Nada se obtén sen esforzo e todo se consegue con el"

Poucas veces empezas algo novo que sexa importante como a subida á ESO, nós empezámolo co comezo deste curso 2009-2010. Todo parecía novo, descoñecido e difícil. Pasaban os meses, cada vez adaptábaste mellor...


moito chapar, moitas risas, moitos amigos e sobre todo diversión.

Aquí empezou a nosa historia cuxos protagonistas somos nós: 30 nenos.

Todos os días subimos unhas escaleiras, cada chanzo representa algo nas nosas vidas, algúns chanzos resultan difíciles, varios de nós quedámonos no camiño sen forza para seguir subindo.

Pero se levantas a vista e ves todo o que che espera, es capaz de facer un último esforzo e chegar ata o final, a túa meta... o resultado do teu gran esforzo.

(Cris Iglesias e Miriam de Diego 1ºESO)



APRENDIZ DE POETA

Cada vez que miro una estrella
tus ojos se reflejan en ella,
pero me arde el corazón
al oír esta canción.

Es tan inquietante
que cuando miro hacia delante,
no puedo dejar de pensar en ti...
es una ruta sin fin.

En el fondo siento
que te tengo muy adentro.
Yo sólo quería ser poetisa
pero me salió como un artista

(Laura Nogueira, Pablo López
y María Montero 1ºESO)

ES SÓLO UN SUEÑO

Cuando creo
que voy,
sólo vengo.

Cuando creo
que me marchó
sólo salgo.

Cuando creo que es real,
es una guerra
que sólo acaba de empezar.

Mejor dicho,
es un sueño
que nunca
debe de acabar,
que tendrá
un feliz final.

(Isabel Nogueira 1ºESO)

DÍA DE DON BOSCO

É venres, 29 de xaneiro. Celebramos o día de Don Bosco, data na que todos e todas nos divertimos e xogamos. Iso si, antes de nada, imos a misa. Alí, un grupo de rapaces tocan a guitarra para amenizar a liturxia; oramos e ao tempo divertímonos. É unha especie de unión entre todos e todas: alumnos, profesores, irmás saianas... Tamén é tempo de reflexión.

Despois da eucaristía, saímos ao patio onde o pasamos aínda mellor. Xogamos a un pouco de todo. Dá tempo para iso e máis. Fútbol, baloncesto, concursos de triplas e quendas de penaltís. Ao fútbol gañaron os de 3º da ESO e nós, 2º ESO, quedamos subcampións. Xa verán para o ano que vén.

Despois deste exercicio físico, despois de tanta intensidade competitiva, toca ir cantar. Algúns compañeiros son verdadeiros profesionais... case quedan sen voz. Aquí non hai competitividade. Mesturámonos todos. De todos os cursos saen en grupo a "cantar" os seus temas preferidos. Non sei se temos unha boa técnica para o canto, mais o que si é seguro é que acabamos cunha agradable dor abdominal de escachar coa risa.



Con todo o que levamos contado de tan sinalado día, aínda estaba por vir o mellor. Pola tarde houbo festa no patio e montaron unha serie de atraccións que nin nas festas de Coia. Touro mecánico, fútbolín humano, karaoke, colchonetas... e o mellor de todo... un superposto de vendas montado polos alumnos de 4º ESO para recadar cartos para a excursión de fin de curso. Comida, bebida... todo estaba moi, moi rico.

E por se vos parecía pouco, aínda veu ao final da xornada a guinda do pastel: a chocolatada e a rosca. Fomos co bandullo quente para casa.

Xa contamos os día para que volva esta festa tan especial para o cole...

2º ESO

Su establecimiento  **ferreyro** más próximo:

FERRETERÍA COYA⁵¹

Especialistas en Bricolage

Gran surtido en:

Jardinería - Manillería - Herrajes - Cerrajería
Material Eléctrico - Fontanería - Herramientas
Maquinaria - Taladros - Pinturas - Bazar y menaje

Avda. de Castelao, 51 Entrada Lateral
Tlf.: 986 209 162 - Fax: 986 200 579
36209 VIGO

DÍA DA PAZ

DÍA DA PAZ

O luns 1 de febreiro, celebrouse o Día da Paz no noso colexio.

Os días anteriores, todo o profesorado esforzouse para que as cousas saíran ben e para poder realizar un bonito acto de solidariedade co resto da humanidade.

Todo saíu con vento de popa. Ao rematar o recreo, os alumnos de 2º ESO reunímonos no polideportivo, collímonos das mans e formamos un enorme cadrado.

Despois cantamos todos xuntos unha fermosa canción de Antonio Flores interpretada pola súa irmá Rosario. O tema, que vos soará a todos é "No dudaría". Canción perfecta e acaída para un acto tan emotivo e simbólico. Máis tarde, gardamos un minuto de silencio por todas as vítimas de Haití, traxedia que nos esgazou o corazón e, como diría a nosa Rosalía de Castro, "a ialma".

Témolos no pensamento por moito que pase o tempo. Pretendemos colaborar coa nosa solidariedade aínda que os medios de comunicación xa non teña a Haití como noticia de primeira orde.

Aos alumnos e alumnas de 2º ESO pareceunos unha celebración fermosa.

2º ESO





EMPRESA HOLOGADA N.º431
 INSTALADOR AUTORIZADO PO-360
 INSTALADOR DE TELECOMUNICACIÓN A-10524

- INST. ELÉCTRICAS BT Y MT
- INST. TELEVISIÓN TERRESTRE Y SATELITE (TDT)
- ILUMINACIÓN
- TELEFONÍA, INTERFONÍA Y MEGAFONÍA
- REDES TELEFÓNICAS
- REDES INFORMÁTICAS
- SEGURIDAD, ATRACO, ROBO Y FUEGO
- CIRCUITO CERRADO TV.
- PARARRAYOS
- REPARACIONES Y MANTENIMIENTOS ELÉCTRICOS

C/. Cando, 25
 (Enfrente Mercado)
 Teléfono: 986 336 281
36400 PORRIÑO

Via Hispanidad, 61 - 1º Of. 7
 Teléfono: 986 419 266
 Fax: 986 418 932
36203 VIGO



AS CONVIVENCIAS

CONVIVENCIAS

De todas as saídas que realizamos este curso, sen dúbida, as convivencias eran as máis desexadas e as que maior curiosidade espertaban en nós.

Grazas a elas decatámonos do rápido que pasa o tempo, tornamos a mirada atrás e lembramos que tan só nos quedaba un ano xuntos, por iso cada pequeno detalle facíase inmenso, convertendo estas convivencias nun cúmulo de emocións moi concentradas, pero que marcaron un punto e aparte na nosa vida.

Ao principio todos empregábamnos o clixe da timidez, pero percatámonos que non servía de nada e empezamos a gañar confianza, é dicir, a gozar de verdade.

A partir dese momento todo xurdiu por si mesmo. Agora recordamos as comidas, os traballos en grupo, os xogos, as actividades ao aire libre, as innumerables fotos, o karaoke cantando a Queen, as risas, os xestos cómicos, as frases inéditas... e non nos chega o tempo para citar todo o vivido.

Porque é doado describir esta experiencia con palabras baleiras que non din nada, xa que as convivencias van máis alá do que a simple vista poidamos imaxinarnos. O seu obxectivo foi ensinarnos a ser alguén, a coñecernos e a saber quen queremos ser. Aprendimos valores como o respecto, a tolerancia, a empatía e o xuízo crítico, pero sobre todos eles destacou o valor da amizade.

Talvez a despedida fose o máis duro, porque nunca pensamos que en aqueles dous días de marzo puidisemos descubrir a tanta xente que vaise a pena coñecer e que significaría tanto para nós.

En resumo, foi inesquecible.



DESPEDIDA DO COLE

O NOSO PASO POLO COLEXIO

Hai trece anos o destino uniunos por primeira vez baixo os coidados de Marimar. Os nosos recordos desta época son escasos, pero foron uns anos moi divertidos. Divisando vistas dentro nas nosas memorias recordamos con morriña as nosas carreiras arredor do patio baixo o rítmico tambor de Sor Amalia, os xogos cos peluches, a cociña, nosas primeiras liñas escribindo as vogais, as curas de Sor Esther e a súa preocupación por nós... E non tardou en chegar a graduación de cinco anos. Unha banda azul, unha bolsa de goldrumadas e rematouse infantil.

Ao chegar a nova etapa de primaria sorprendémonos ao ver tantos libros e tan poucos xoguetes despois de tres anos de auténtica diversión.

Fixemos os nosos primeiros pinitos no mundo da arte cos teatros de Lochi e os debuxos de Joaquín. Quedounos gravada a mensaxe que sempre nos repetía Patri: "imos todos no mesmo barco", encariñámonos de Carmina e dos seus curiosos pero eficaces métodos para ensinar matemáticas repartindo "gajitos" de mandarina e a nosa última titora en primaria: Pili, Todo un sol!. Pasaron moitos anos e as nosas amizades fóronse reforzando, non advertimos o moito que crecemos e aprendemos.

Cando xa nos encontrabamos na ESO todo era novo: aulas novas, libros novos, horarios novos, profesores novos...excepto Javi, o noso profesor de E.Física de toda primaria que nos iniciou nesta nova etapa.

Non sabiamos o que nos esperaba pero mais tarde vimos que non era para tanto, pasaron os anos moi rapidamente entre ecuacións, oracións, capitais,...pero tamén con moitos momentos inesquecibles e agora encontrámonos decidindo o noso futuro en 4º da ESO, traballando moito e desexando continuar seguindo as nosas vidas o camiño de Don Bosco.



EXCURSIÓN FIN DE CURSO

EXCURSIÓN FIN DE CURSO

Un ano máis o curso vai chegando ao seu fin e con el outro grupo de alumnos que remata a súa etapa neste colexio.

Desde os comezos de setembro o primeiro que rondaba polas nosas mentes (ademais dos moitos exames que tiñamos) era organizar todo o mellor posible a moi esperada excursión de final de curso. Así que, en canto as datas se achegaban, os nervios facíanse notar no ambiente e o noso único obxectivo era coller ese avión Spanair con destino Barcelona. Non imaxinábamos que íamos vivir nas nosas propias carnes unha experiencia como a que Homero chamou Odisea.



Resumindo, o primeiro día atopámonos cun overbooking polo que se produce unha separación do grupo, uns con Teresa e outros con Marián, uns en voo directo e outros con escala en Madrid, uns con horas de retraso e outros pateando Barcelona ... Cando as cousas se normalizaron adicamos o día a percorrer o Barrio Gótico, as Ramblas, a Ribera e para descansar de tanta camiñata, fomos cear a un dos mellores bufets da cidade.

Os días seguintes visitamos e percorremos o Parque Güell, a Sagrada Família, o Paseo de Gracia, Montjuic (cunhas vistas da cidade espectaculares), a Villa Olímpica, Cosmocaixa e tamén gozamos dun día enteiro en Port Aventura (onde hai que destacar que unha compañeira rompeu un dedo do pé). A nosa última tarde na cidade foi a máis axitada, xa que todos (sen ningunha excepción) buscamos os souvenirs que máis desexábamos para as nosas familias (e por suposto para nós). Anque, sen dúbida, o mellor de toda a excursión foron as noites no albergue. Tratábase dun lugar cheo de xente nova de diferentes países, polo que puidemos compartir culturas, idiomas e gañarnos algún ligue ...

Moi ao noso pesar chegou o sábado e o avión esperábanos no aeroporto para regresar, pero cando xa criamos que a nosa aventura rematará, apareceu un equipo de rugby que se amosou moi simpático con nós. Como vedes, a pesar de todos os obstáculos que tivemos a experiencia foi moi positiva e sen dúbida deixará unha forte pegada nas nosas vidas.





Colegio Don Bosco - Salesianas



Rosa
Ripado Álvarez



Paloma Redondo
Pérez de la Ossa



Fernando
Mallo Calama



Marián
López Sarcadra



Marcos
Losada Martínez



Mía
Álvarez Conde



Héctor
Mera Herchello



Teresa
Bobillo Martínez



Lourdes
Juncal Soate



Don
Bosco



Antía
Acuña Domínguez



Tania
Álvarez Díez



Borja
Ameneiro González



Carlos-Alberto
Barros Rivero



Mara
Fernández Docampo



Tamara
González González



Carmen de la
Iglesia Mallo



Juan Manuel
Boullisa Novo



Sandra
Collazo Fernández



María
Couso Fernández



Iván
Fernández Aguayo



Tamara
Lago Coelho



Marta
López Sorribas



Carla
Neira Martínez



Aída
Novoa Comesaña




Otero
Fernández



Carla
Pardo Páñño



Andrea
Pérez Coelho



Aitor
Quiñoa Cordero




Daniel
Rodríguez Penas




Alicia
Rial Costas



Mariana
Villar Arias



4.º E.S.O. - Curso 2009/2010 - VIGO



A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO COLEXIO DON BOSCO

Como cada ano por estas datas, a revista "A Curuxa", gádanos un recunchiño para achegármonos a vós, así que o imos aproveitar para que nos coñezades mellor. A asociación de nais e pais (ANPA) está aberta a todas as familias con fillos estudando no colexio.

Como xa sabedes, as principais actividades ás que nos dedicamos son, entre outras: a xestión dos libros de texto, subvencionamos as excursións escolares para que aos socios e socias lles saian máis económicas; organizamos ou colaboramos co colexio, segundo o caso, nas festas do Magosto, Nadal (Reis Magos), San Juan Bosco, Entroido, Día da Familia, saída de fin de curso coa comunidade educativa...etc., achegando recursos e o noso traballo para que todo saia o mellor posible.

Pero a ANPA é algo máis... As nais e os pais debemos ter unha actitude activa e participativa na educación dos nosos fillos e fillas. É por iso que queremos invitarvos a todos a que vos acheguedes e colaboredes coas vosas opinións, suxestións e que vos involucredes nas actividades que desenvolvemos.

Aos nosos rapaces e rapazas vailles a facer moita ilusión vernos polo colexio disfrazados ou traballando,



implicándonos no seu día a día na escola, e tamén nos vai ser moi útil, ou iso é o que pretendemos, asistir ás conferencias que se celebran ao longo do curso. Así mesmo, se coñecemos mellor a realidade do noso centro, saberemos cales son as súas necesidades e poderemos traballar todos xuntos, que somos máis, para tratar de resolvelas.

Non quixera rematar sen dar as GRAZAS a Guillermo polo seu labor á fronte desta ANPA nos últimos anos, ademais de pola súa axuda inestimable no comezo da nosa andaina nesta xeira e polo seu tempo e dedicación desinteresada, xa que, xunto con Juan Manuel, segue a colaborar en diversas actividades do colexio (guitarra e fútbol).

E logo dos agradecementos xa chega a despedida, non sen antes recordaros as palabras, que ben poderían constituír o lema da nosa asociación: PARTICIPACIÓN, SOLIDARIEDADE E COMPROMISO.

Vémonos todos os días no patio do colexio...ou os venres de 16:30 a 17:15 no local da ANPA.



CENTRO XUVENIL CEXMA

TRASNOS: OS MEMBROS MÁIS PEQUENOS DO CEXMA

Desde hai tres anos o Centro Xuvenil CEXMA oferta actividades para nenos-as de 3º e 4º de primaria... Xa pasou a nosa primeira promoción, un grupo de mozas-as que se incorporaron ó grupo de "NUEVAS RUTAS", que é a nosa oferta de tempo libre para rapaces a partir de 5º Primaria ata... ¡ata que queiran seguir vinculados ó CEXMA! ¡Non hai idade límite!

Don Bosco sempre quixo que os propios mozos fosen animadores-evanxelizadores doutros mozos; por iso ó inicio de curso propúxoselles ós grupos de maiores de CEXMA (3º-4º ESO) e ós mozos de catecumenado (Bacharelato) se querían facer a experiencia de ser preanimadores.

Moitos son os chamados e poucos os... que responden, pero responderon algúns. Os máis fieis son xusto o máis noviños: Laura F. e Raúl S. (3º ESO) que, ademais de acudir cada venres ao seu momento de formación, tamén cada sábado pola tarde dedican o seu tempo a rir, xogar, falar e acompañar ós membros máis pequenos de nosa "familia".

Aquí deixámosvos con Laura que narra a súa experiencia de ser preanimadora.



Despois de 6 anos participando en "Nuevas Rutas", acostumada a seguir sempre o camiño que os meus monitores ían marcando, sentín unha estraña sensación cando me convertín en "pre-monitora" e concedéronme o honor de apoiar, axudar, colaborar con esa man que me guiara axudando cunha panda chamada "mis Trasnós".

É unha sensación marabillosa sentirme "maior", é gratificante ser a ti a quen preguntan en lugar de ser ti a que preguntas todo o tempo.

É alagador notar que se fían de ti, que te teñen en conta as túas opinións.

É divertido pasear con cinco nenas colgadas das túas mans, oír en cinco voces diferentes "quéreste sentar xunto a min?"... "comes o meu lado?"... "vas comigo no bus?"

En resumo: encántame ser pre-pre-pre monitora de Trasnós.

(Laura Fdez C. -Preanimadora CEXMA)



Que alegría sentir que outros descubren, como nós o fixemos no seu momento, que dedicar o teu tempo ós outros gratuitamente, é unha experiencia que chega ó corazón!

Alguén máis se anima? Esperámosvos en CEXMA

Animadores de CEXMA
Yolanda, Xose Ramón, Carmina e Paloma.



PROXECTO CASA

UNHA “CASA” NO COLEXIO

O Programa CASA (Centro de apoio socioeducativo aberto) comezou a súa andaina en novembro, con toda a ilusión e entusiasmo que supón dar forma a un proxecto socioeducativo que promove a integración completa do menor, desde unha metodoloxía activa que fomenta o desenvolvemento dos mozos e mozas en todas e cada unha das áreas da súa vida. Arrincamos co apoio incondicional do colexio Don Bosco, que nos cede as súas instalacións, oríentanos en cada un dos casos e axúdanos con parte do material que empregamos nas actividades alternativas ao reforzo escolar.

Neste momento estou eu como educadora e teño ao meu cargo a oito maravillosos rapaces, dos que aprendo cada día algo novo e dos que estou tremendamente orgullosa.

A rutina de cada día (de luns a xoves) é case sempre a mesma: saen de clase ás 17:00h, facemos un descanso de trinta minutos. Ao acabar, poñémonos cos deberes e a preparar exames e traballos, facemos especial fincapé nas técnicas de estudo. Dedicamos unha hora e media ao reforzo escolar. A partir das 19:00h e ata as 20:00h, traballamos diferentes dinámicas que fomentan as habilidades sociais, a igualdade, a educación para a saúde, a educación en valores... tamén dedicamos tardes ao aniversario de cada un, nas que realizamos xogos e dinámicas de distensión.

O balance ata a data foi moi positivo, a nivel de comportamento a súa actitude para coas clases ordinarias e os seus compañeiros mellorou notablemente. Cada caso é particular e propio, e procuro, na medida do posible, facer un seguimento individualizado, mediante tutorías persoais de carácter semanal. Agradecen moito esa atención, amósanmo cada día con todo o seu agarimo.

Paloma, orientadora do centro e titora de 1º da E.S.O. é o meu gran apoio. Grazas á súa entrega éme posible darlle forma ao proxecto, sempre está aí para aconsellarme,



para tenderme a man cando hai algunha dificultade e para orientar o meu labor cara aos rapaces. Tanto ela, como os titores dos cursos de primaria, como Ana, a profesora de reforzo, achéganme a súa experiencia para poder traballar con cada menor dun xeito integral.

Neste momento conto con catro voluntarios que me axudan a atender aos menores dun xeito máis personalizado, quero facerlles chegar o meu máis profundo agradecemento desde aquí a Iris, Pascual, Sandra e Alba, tamén Adolfo que aporta recursos e material educativo.

Todos formamos parte dunha engrenaxe na que compartimos unha meta común, meta tan importante como é axudar a que os menores se integren, sentan útiles, poidan desenvolver todas as súas habilidades e convírtanse, co paso do tempo, en adultos cheos de ilusión e expectativas.

Tania
(Educadora Programa Casa-Vigo)

EXTRAESCOLARES INGLÉS

Nestas fotografías vemos como os rapaces e rapazas de Ed. Infantil da actividade de inglés están aprendendo e pasándoo ben coa canción "CLAP YOUR HANDS".



Hermo Administradores



986 247 524

SOSTENIBILIDAD PARA SU COMUNIDAD

Fotografo Xaime Pacheco, 4 bajo. Vigo.

Móvil: 619 969 588

Fax: 986 214 399

info@hermoadministradores.com

www.hermoadministradores.com

DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN


TALLER DE CONDUCTA 4º E 6º DE PRIMARIA


Durante este curso escolar levouse a cabo no noso centro educativo uns talleres de conduta nas aulas de 4º e de 6º de Primaria. Estes baseáronse en intentar promover un cambio actitudinal no alumnado mediante diferentes dinámicas e así mellorar o comportamento como grupo aula.

Unha das actividades levadas a cabo titulouse "O Parrulo Feo". Ésta consistía en escribir unha carta de ánimo e azos ao Parrulo Feo para axudalo no intre que era rexeitado.

A tarefa estivo encamiñada a poñernos no lugar doutra persoa, doutro compañeiro e aprender que é preciso pensar sempre nos demais e non levar a cabo condutas egoístas para o noso proveito. Era moi importante que se puxeran todos no lugar da persoa que pode ser rexeitada ou insultada inxustamente e sentiran todas as emocións que sente un compañeiro ao ser agredido verbalmente. Porque ao cabo todos, nalgún intre da nosa vida, sentímonos un pouco Parrulo Feo.

No apartado de Orientación da páxina web do cole poderedes atopar quen somos, mandarnos un correo ou ver todos os traballos que levamos a cabo neste curso escolar.





Diccionario Oxford Study
 Intermediate to Advanced
 New Second Edition!

Completely revised and updated

- Thousands of new entries, examples, and expressions.
- 1000+ notes on grammar, vocabulary, and cultural issues.
- Illustrations to help to build students' vocabulary.
- Writing guide and maps.

FREE with the dictionary:
 ✓ The Oxford Study Genie Plan CD-ROM

Contains 3 dictionaries:

- The whole text of the dictionary.
- Diccionario Oxford de Phrasal Verbs.
- Oxford Wordfinder Dictionary (Diccionario temático).

Oxford University Press

Polígono de Pousanova, Rueda 1, 15811 Cima de Vigo, 36209 A Coruña. Tel. 981 12 22 99. Fax 981 12 12 13. osd@oup.es

Libros de TEXTO.

Forramos todos los libros en 10min.

Precio especial para la comunidad del Cole.

Material Escolar.

Juegos y juguetes educativos.

También librería para los mayores.

Visítanos en www.mundoeducarte.es



c/ Martín Echegaray 24 Bajo, 36209 Vigo,
Tel. 886-115 276 Móvil. 606 144 448



CONSERVATORIO COPPELIA MÚSICA y DANZA

ENSEÑANZA OFICIAL Y LIBRE

RITMO Iniciación a la música y a la danza a través del juego.

PREPARATORIO Dirigido a niños/as de 5 y 6 años. Iniciación a la Enseñanza Instrumental.

PRE-PRIMERO Orientado al inicio de estudios oficiales

LENGUAJE MUSICAL, CORO, INSTRUMENTOS (Piano, Violín, Guitarra, Viola, Violonchelo, Flauta, Trompeta, Gaita, etc....).

DANZA CLÁSICA, MODERNA Y CONTEMPORÁNEA para todas las edades.

CENTRO HOMOLOGADO POR LA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DE LA XUNTA DE GALICIA

ABIERTO PLAZO DE MATRÍCULA

C/ Pi y Margall, 61 – 36202 VIGO / Tfno: 986 222 930

www.conservatoriocoppelia.com

info@conservatoriocoppelia.com



"A EDUCACIÓN É COUSA DO CORAZÓN"



COLEXIO DON BOSCO

**CENTRO CONCERTADO
dende os 3 anos**

- Educación infantil
- Educación primaria
- E.S.O.



C/ ESTRADA, 5. (36209) VIGO

TEL. 986 23 11 49

FAX. 986 21 13 01

sjboscovigo@planalfa.es

www.edu.xunta.es/cprdonbosco